

LUIÍS SEOANE

e

ISAAC DÍAZ PARDO

Unha narrativa visual

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



LUÍS SEOANE



“Nacín, fillo de emigrantes, en Buenos Aires, no ano 1910. Fun á escola na Coruña. Fixenme licencia en Dereito en Santiago. Fun abogado até 1937. Son pintor.”

(Luís Seoane)

O día 1 de xuño de 1910, no lar de Luís e María, dous emigrantes galegos, nace en Bos Aires Luís Seoane. Alí, na Arxentina, os seus pais traballaron arreo ata poder cumprir o seu desexo de educar os fillos en Galicia. Cando voltan, Luís, o máis vello dos tres irmáns, tiña seis ou sete anos.

Vai á escola na Coruña e logo trasládase a Santiago, que vai ser fundamental na súa formación. En Compostela desenvolve unha gran actividade cultural.

Afíliase a un sindicato de estudantes denominado FUE, frecuenta a tertulia do Café Español e, sobre todo, debuxa.

Conta dona María Elvira Fernández, Maruxa, a súa viúva, que de cativo metíase debaixo da mesa de traballo do seu pai e pasaba horas debuxando tumbado no chan. Seica os pais respetáronlle sempre esta gran afección súa.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS




Tamén en Comspotela pasará horas e horas debuxando: das figuras da porta das Platerías da catedral di el mesmo que fixo máis de douscentos debuxos; co seu amigo Carlos Maside ía á feira de Santa Susana que se celebraba tódolos xoves. Alí pintaban todo canto vían, escenas e figuras que se han repetir ao longo de toda a súa obra.

Nesta feira fundarán a Barraca Resol con outros compañeiros artistas: Arturo Cuadrado, Souto e Colmeiro. Nela expuñan as súas obras e repartían unha folliña entre a xente con poemas de autores da época, coa fin de culturizar o pobo.

Licénciase en Dereito e Ciencias Sociais. Trasládase á Coruña, onde traballará como avogado. Frecuentará nesta cidade a tertulia do Café Galicia e seguirá a grande actividade cultural que sempre o caracterizará.

Cando, no 1936, estoupa a guerra civil española, ten que fuxir, e volta á Arxentina. “Eu coidaba ir por seis meses e botei aló vintecinco anos.” - dirá Seoane.

En Galicia queda a súa noiva, Maruxa, e no ano 1937 pídelle que se reúna con el. “Casamos segundo desembarquei no porto” -di Maruxa. Esta muller será a musa e compañeira de Luís durante toda a súa vida. Na Arxentina emprenderá Seoane múltiples e variadas actividades, todas elas encamiñadas a potenciar e enriquecer a cultura da súa benquerida Galicia.



Funda editoriais: Botella al Mar, Cuco-Rei; revistas: Galicia emigrante; sacará á luz obras de autores galegos de diferentes épocas (Pondal, Rosalía, Sarmiento...); participará nun programa de radio tamén chamado Galicia emigrante; publica libros propios e, sobre todo, debuxa e pinta.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Lembraremos aquí só certas datas e feitos dentro da rebordante actividade do noso autor:

No 1939 traballa como ilustrador na Editorial Losada.

No 1944 realiza un libro titulado “Homenaje a la torre de Hércules”, que será seleccionado ao ano seguinte polo Instituto de Artes Gráficas de New York e pola Pierpont Morgan Library como un dos mellores libros de debuxos publicados no mundo entre 1935 e 1945.

Por estes anos escribe un libro de contos e será a partir do 50 cando comezará a súa obra literaria.

No 1949 viaxa por Europa e coñece a Picasso e Henry Moore.

Regresa a Galicia no 1961 pero negaranlle o permiso definitivo de residencia ata o 67, ano no que se instalará provisionalmente con Isaac Díaz Pardo na casa que este tivo en Sada, para establecerse na Coruña máis tarde.

A partir desde momento alternará as estadias en Galicia e Arxentina ata os últimos anos.

Con **Isaac Díaz Pardo** emprenderá unha serie de actividades moi importantes e das que se pode disfrutar agora.

Fundan o *Laboratorio de Formas* de Galicia, e restablecen a actividade creativa da fábrica de cerámica de Sargadelos.

No Castro (Sada) fundan o Museo Carlos Maside e a editorial Edicións do Castro.




TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



O mar do Orzán, as súas ondas, as súas múltiples tonalidades, encherán os derradeiros cadros do noso gran creador.

O 5 de abril de 1979 morre na súa casa da Coruña.



Obra plástica

O primeiro que sinalariamos, aínda que poida soar a tópico, é que sintetizar a obra de Seoane nunhas poucas páxinas é imposible.

En segundo lugar, polo que respecta á plástica do noso autor, que a súa obra non se deixa atrapar polas palabras.

Din os críticos de arte que a cor é fundamental en Seoane; que emprega cores planas, intensas, moi luminosas; que as cores e as liñas non se axustan, son independentes, que a súa pintura non hai detalles, pormenores; senón que prefería as liñas mestras; que amosa unha inquedaanza pola innovación artística.

Tamén comentan que para el a figura humana é esencial: pinta moitos grupos de xente popular (campesiños traballando, romerías...); que a muller aparece constantemente, ben en grupo (frecuentemente de tres), ben soa, falando ou pensativa.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Haberá que engadir moitas cousas máis: falar das múltiples técnicas que empregou (óleos, acuarelas, murais...), da importancia dos seus gravados (en madeira, metal, linóleo...), dos deseños para portadas de libros, revistas, para fundas de discos, tapices, cerámica...

Pero a pesar do que se diga, non acadaríamos moito porque a súa plástica se resiste a todos os intentos de definila. Lembremos o seu aforismo:

“tratase de facer unha pintura cercana ó silencio.”

Poesía

Luís Seoane escribiu catro libros de poemas: *“Fardel de eisilado”* (publicado en 1952). *“Na brétima Sant-Iago”* (1956), *“As cicatrices”* (1959) e *“A maior abundamento”* (1972).

Poderíase dicir que as principais características que definen a obra poética do noso autor son as seguintes:

-Concibe a súa poesía como unha extensión descritiva da súa obra pintada ou debuxada. Esta íntima relación entre todas as artes temos que tela moi presente. A súa pintura é literaria, e a súa literatura é pictórica. Partindo desta idea non nos será difícil atopar características comúns nas distintas manifestación creativas do autor.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



-Para el, a arte tiña unha función social ben importante. A súa poesía é cívica, de compromiso; di que lle parece unha inmoralidade falar de si mesmo cando o pobo sofre :

“Quixera facer unha obra que non somentes tivese que ver cos elementos da natureza, senón que fora ao mesmo tempo un alegato polo home; que é o xeito de que o sexa polo home universal e por Galicia.”

-Presenta a historia de Galicia desde un punto de vista épico, heroico, coa intención de crear unha conciencia nacional. Nos poemas de “Os torques” do libro “A cicatrices” pódese apreciar unha loubanza da cultura celta que, salvando as distancias, o relaciona con Pondal e Cabanillas.

-A emigración é un tema fundamental na súa obra, vista como unha experiencia colectiva na que el se sente integrado: a emigración cara ás Américas, que se remona xa ao S. XVIII (cando Ramón Cernadas forma parte da Expedición das Familias que ían colonizar a Pampa arxentina).


-A xente do pobo como protagonista principal dos seus poemas.

-Por último, no tocante ao estilo, que a súa linguaxe é directa e vigorosa, que opta moitas veces polo verso libre, e que apenas utiliza elementos embelezadores. Mencionaremos tamén a importancia das cores, a composición pictórica que teñen certos poemas (algún semellan cadros; outros, murais) e a presenza de símbolos, que aparecen así mesmo na pintura: a serea, o paxaro (“... o noso paxaro, a nosa serea, poden ser, é, un ideal político e social... o noso paxaro canta ceibe no noso peito”).

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Fardel de eisilado (1952)



TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



O PINTOR EISILADO

*"¿Y cómo van a desterrarme entero,
si es mi cuerpo figura de tu polvo,
si mis huesos son barro de tus eras
y la sal de tu mar está en mi piel?"*

LORENZO VARELA

Ao pintar lembran seus ollos ensimesmados o ár gris da
lonxana montaña
o vento norte marmuriador cór de aceiro, as formas das
uces marteiradas, a braña,

as houllosas verdes carballeiras, os ríos, as lombas azures
encostadas
sobor dunhas vizosas terras, ocres ou negras decote tra-
balladas.

Aos homes e mulleres ollando, sen ver cicáis, abalarse a
dorna ca ondaxe
na mar, fronte ás bruidosas vagas, de costas ao rudo
paisaxe,

tratando de descubrir algún resto dos fadados países de
emigrados
após da liña do hourizonte, coma antigas estatuas romanas
barados.

Cando caviloso vai lixando co pincel a branca tea de liño
ó seu acordo veñen as córes rosas da nenez, o risco solermiño

Páxina 11

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



dunha arredada imaxen familiar esquecida, dun labrego
enrugado,
dunha xurdia leda muller que algún día víu traballar nun
eirado,

levar un neno no colo, ou sobor do regazo ter froitas madu-
recidas,
depelcando frienta patacas ao quecer do lar, nas longas
noitecidas,

ouvindo do chuchado avó as historias dos franceses, as lén-
das antigas,
ou dándolle ao chagado moinante tres mazorcas de millo e
unhas migas.

Acarón dél está un picariño desguedellado que rilla unha
mazán.
O lobo senlleiro oubea de fame no monte, e, cun peite de
ouro na man,

unha fermosa fada loira peitea os alongados cabelos á en-
trada da cova.
Tamén veñen ao acordo do pintor o vello campaneiro rin-
chón da corcova

e as abrotadas cabalgadas nos camiños que levan ás feiras
e ás romerías,
cas ringeliras de eibados e de pedintes, de lonxe vidos nas
vesperías.

Na súa testa reméxense as formas, as lembranzas da lus e
das córes da terra lonxana,
neste país desvariado ao da súa mocidade, onde vive unha
realidade estrana.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Todos éramos labregos. Eu, esposo, pai, Ramón Cernadas, / traía connigo a miña muller, María Fernández, aos tres fillos, /Xoxé, María Rosa, María Pepa, que viñamos de lonxe aosadas / a por terras ceibes de sementar, suxeitas ao Virrei e aos cabdillos

que gobernaban Buenos Aires en nome do Rei. Unha légoa / por dúas centas varas de fronte de terra de panlevar. / A primeira terra soio nosa, tal era o prometimento da coroa / pros labregos galegos que viñamos ao Río de la Plata a povoar

e labrar este chan. Dende os boscos e o mar da Galiza, / cara a veira do Arroyo Dulce, perto da Horqueta de Roxas, / lonxe da garimosa choiva, pra cumprir coa lediña cobiza / dunha terra propia, farturenta, que finara coas congoxas

dunha vida astrosa, de farrapos, de chirles, de lixaduras, / como a que tiñamos padescido. Ibámos por unha terra valeira. / Os teros e os chajás alcaiotaban a nosa presenza por escuras / barranqueiras fecundas onde os povoadores faríamol-a sementeira.

Páxina 21

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Somos eiquí —cavilamos— os primeiros labregos,
traemol-o arado / a semente eo oficio pra ísta senlleira,
núa, terra asollada. / Traguemos con nosco a lenda, a sau-
dade, a canción, o caxado / do pastor, a vontade maina do
paisán, a resprandecente luzada

pra ístes campos virxes onde nascerán os bidueiros xigan-
tos, / o trigo, o pan dourado, o millo, o liño azur e crecerá
o gando. / Cuasi nengún de nós tivese querido voltar. Dei-
xámol-os prantos / pol-a aldeia abandonada, pol-as antigas
costumes, por calquera brando

motivo sentimental. Algúns poucos malpocados tivesen de-
sexado virar / pol-as fames coñecidas, coma os cabalos que,
apegados á terra na cal / tiñan nascido, voltaban a ela até
o hourizonte, crebando o ár / a fuxir en riolada dende o
convoio onde viñan, galopando pol-o val.

Ao remate nas terras que tiñamos de traballar erguíase
a ensiña da pulpería / unha sinal axeitada chameante, no
cabo dunha pértega de tacuara. / Descarregámol-as carre-
tas. Cada un de nós povoadores enquería / pol-a terra de
labrar que o Rei por gracia lle tiña asiñado, cara

a fronteira do indio onde escomenzamos despóis, axiña, a
abrir regos, / sementar, co fusil as costas por temor do
indio, fillo, dín, do sol / que asalta os eidos, atobándose
apegado nos pescozos árdegos / dos cabalos, cautivando
mulleres, nenos, matando, sen outro prol.

Ficamos de cabo no deserto, en terra prometida, onde
chegaba / pol-o dito, El-Tiro-Del-Cañón-De-Los-Fuertes-De-

La-Campaña / co fusil ao lombo. Dixeron: “Ganaredes
terra onde seredes señores” / arando, ganando a terra por
contrato servil co Rei de Hespaña.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



EMIGRANTES NUNHA DATA CALQUERA

De alá saímos os senlleiros, os inadatados,
os condenados inxustamente, os que procuran o pan,
os xogadores, os perseguidos, os arrichados,
tamén o xusto, o argalleiro, o luxurioso, o san,
e as ponlas frorescentes dos linaxes abafados.

O vento empurrou as barcas dos emigrantes na mar
cara éstas grises lonxanas cibdades de engano
feitas de presa, de aceiro, de cemento, sen ár,
por almas lixadas de númaros, de ouro estrano,
enxoitas pol-o despoxo i-o constante trafegar.

Ergueitas pra vender e mercar por neicios homes adoecidos
de operaciós aritméticas, de crecidos tantos por centos,
que viven e gouzan esquecidos dos escoloridos
irmáns sen éisito nen fortuna. Dos agoirentos
que soñan deslouvados, isolados pol-as rúas, amorridos,

vivendo antre tendas, máquinas, tráfico, descorados,
húmidos de suor, envoltos pol-o fume do carbón
das fábricas ergueitas pol-os homes d-empresa, cugulados
de mercadorías, que ergueron a estatúa ao patrón
no centro mesmo da cibdade pra exemplo de ousados.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Apiñoados pol-as rúas, nos suterráneos, da cór
lourida dos osos, amarelo máis ben das caaveiras,
axúntanse uns cos outros, empezándose, por mor
da puntualidade no emprego. Sempre ás carreiras
nestas cibdades comerciaes, patrias da cubiza, sen amor.

Eiquí viñemos todos ó acaso, vivendo esgazados
das costumes coñecidas, do acento común, da canción
labrada pol-os avocengos i-o tempo. Vivendo mudados
nunha xeografía difrente, pol-os negocios, a corrución,
que da terra de orixen farannos cicáis pra sempre deslei-
gados.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



II

OS EMIGRANTES

E lús, un día hoxe de traballo coma todol-os que seguen,
mesmo o sábado ao meridiá.

Aquel que fica alí, ten un obradoiro de carpinteiría cun
aparello de radio pra distraírse,

iste outro ten un taxi cun zapatiño do neto pendurado no
parabrisas

e un pequeno relevo de San Cristobo acarón do retrato de
Gardel,

aquel conduce sobervoso un tranvía, ou un ómnibus, non
sei ben.

Eiquí están, o mozo encorpado dunha empresa de mudanzas,
e íste que ten unha pequena tenda onde aforra papel moeda
sobor papel moeda.

Todos son obreiros ou pequenos comerciantes.

Traballadores que soñaron unha vida desvariada,

—América é un continente co chan de ouro afirmaron os
xornáes—

máis que non atoparon aínda na realidade o escintileo do
seu soño.

Uns poucos, con máis abelencia, chegaron a ter grandes
adaxes

e comercios e industrias con unha rede de sucursáes, mozas
loiras e medias nylon.

Algús outros, moitos máis, son os donos de “El Tambre”,

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



“La Coruñesa”, “El Miño Azul”, cafés e restaurantes
nomeados pol-a morriña.
Ou chegaron a costruir unha casa de adobe no centro dunha
pequena chacra na soidade deshumán, soalleira, da
pampa.
Traballan heroicamente, de médicos ou de camioneiros, ao
pé dos Andes,
cabalgan as grandes planuras ou os matos sobrosos do
Chaco,
somidos nun calor abafado de inferno,
antre as aguzadas veninosas yararás,
e os alacrás, as escalopendras, as carrachas,
as entupidas nubes de mosquitos;
ou no extremo sur, antre a neve co vento,
na areosa terra de alongados cabedelos e caramuxos petri-
ficados da Patagonia;
en Tierra del Fuego onde queima o vento sieiro.
Son obreiros do petróleo en Comodoro Rivadavia,
caseteiros e mariñeiros na longa costa arxentina.
Tamén rufos balceiros e destros cazadores de focas.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



VOLTA DO VELLO EMIGRANTE

Tapiz

Voltando, a facer veu realidade o garimoso soño
de non morrer lonxe sen ollar novamente
os montes, o mar, os boscos da Terra. O lene
soño feito pol-os anos misericordia labrada,
ou tapiz paseniñamente dibuxado, cando
mergurado folgaba nas saudosas longas vixilias.
A procurar veu a iauga crara da fonte da mocidade.

Sobor dun chan abondado de herbas e fieitos
tecera o vello no seu soño, ou labrara, os perfíles
dos souríles lagartos de luxoso verde, as buligas
nervosas das bichas da cór das follas murchas
ou gris aceiradas, os besbellos ledos e satisfeitos,
os cantores grilos, os tremelucantes cabaliños do demo,
acarón da iauga crara da fonte da mocidade.

Dibuxara ou tecera a defiada e senlleira toupa,
as denosiñas i-as martas frientas, de vizosas peles,
o arroutado porco montés que tén a escura cova
nos boscos sobrosos, o medoñento aturdido coello,
a aguzada lebre, basta Dona rabeche da toxeira.
I-as aves: o peto, o corvo, a laberca, a rula,
por enriba da iauga crara da fonte da mocidade.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Grabara, dibuxara, outros animaes, o can, a besta,
e tamén moitas aves baixando donairosas do ceo.
En soños tecera o vello ou grabara os accidentes do chan,
os prados, as correidoras. Acarón da ponte do río
dibuxara os bidueiros, e no río as sotiles troitas.
Tamén tecera os carballos, os castaños, os froitales
ao fondo da iauga crara da fonte da mocidade.


Non grabara, tecera ou dibuxara o vello emigrante,
homes nin mulleres isolados, senón moitedumes
deles en traballos e foliadas. Nengunha faciana
lembrara de home ou muller, senón soio a paisaxe
que facíalle esquecer o xesto familiar desvariado.
Endemáis o vello emigrante soñou os montes, o ár,
e a iauga limpa, crara, da fonte da mocidade.

O redor da fonte nos moitos anos o soño tecera
total-as saudades do vello emigrante. Lembrábase
axioanllado de neno, as meixelas mollando ea fronte,
enchendo a boca de iauga e arrepiando aos áxiles cágados.
A fontenla estaba á soma da ponte, na cima das xunqueiras,
e cara ela iba agora o vello emigrante, a curar as doenzas
ca iauga lembrada, tecida en soños, da fonte da mocidade.

TERTULIAS LITERARIAS
BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Na brétema (1956)



TERTULIAS LITERARIAS
BIBLIOTECAS DE OLEIROS

D E S T E R R A D O S

*Nesas figuras pintadas nas paredes,
que semellan que agardan, probes, limitadas, la-
bouriosas,
entrego o meu mensaxe. Esa mestura de ensoños
e de tenrura
que o pobo lonxano, esquecido de min, ourentou.
Rubido no andaime, a moitos metros do chan,
tencionando dibuxar nas paredes imáxens que me
socedan,
que poidanse escavar pasados mil anos
antre columnas crebadas, xoias e útiles de traballo.
Falo con min mesmo. Pecho os ollos e podo ver
dende esta cidade antre serras espidas, mineraes,
as froles bermellas das mapoulas á beira de océa-
no,
os outeiros verdes, os carballos, os muros de
pedra,
o niño ascondido do melro, as vacas bermellas,
a aboa co fio da roca antre os dedos.
I escoito en min unha vos lonxana, escura, sen-
lleira,
unha vos desaparecida.*

*Esa era a miña patria, esa responsabilidade do
home,
a forza, o amor dos desterrados,
todo aquilo que tivemos que resnarnos a perder,
quedándonos sin feitizos, soios, cara ao mundo.*

(...)

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



*Dende o andaime escoito no chan voces estranas
de obreiros desterrados cicáis de moitos países
e con liñas na parede sin querer dibuxo
nas facianas e nos acenos das figuras,
as imáxens lonxanas que se acubulan na miña
memoria.*

*E a parede dun edificio de unha cidade estrana
a mais de mil kilómetros do noso océano.*

Pecho os ollos e penso:

O home non pode camiñar soio sin perecer.

*Un día voltaremos. Será entón inverno,
a época dos homes senlleiros, da noite, dos lobos,
e iremos pol-a mar ate atopar na costa
unha muller coa lámpada en outo,
ao altor dos seus ollos,
que tratará de recoñecernos nas trebas.*

San Juan, cidade. 1955

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



O CAMPANEIRO

Roldándolle a miseria ,
vagando de lugar en lugar
antre sinestros árbores sin follas,
a capacha e as ferramentas ao lombo,
caldeiros e cobre sobor da besta,
vai o campaneiro.

Pol-os rueiros dos bairros,
onde a lama escala as casas probes
deixando amósegas verticaes nas paredes,
e caen dos teitos escuros líquidos,
pingas luxadas de humidade,
i é máis dura a miseria,
vai o campaneiro.

Pasa berrando o seu pregón pol-a aldea;
ao traveso do maino orvallo
no que sítense pechados outros homes,
húmidos e viles coma lamáchegas.
De unha a outra aldea, ano tras ano,
vai o campaneiro.

Onte foi o arranxamento da campá
de unha senlleira ermida montañesa.
Unha e cento dende fai moitos anos.
Oxe é a nova do Hospital de San Roque.
Eiquí detívose. Xeme a campá
ao bater duramente os seus remaches.
Funde pezas. Entea o lume,
a campá xeme, rí, prega, chora.

Foise o campaneiro.

Volta aos camiños
antre moinantes desfarrapados,
abafados, eibados e feirantes.
Xunto ao crego sin parroquia,
á beira do soldado sin pendón,
o campaneiro.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



ORACION DO ARTISTA QUE VOLTA

Queremos cos osos da nosa testa
crocara na tua testa de pedra,
Mestre Mateo.
Andivemos pol-o mundo con medo.
Aínda temos medo.
Medo a todo.

Coma tí, Mestre Mateo,
quixéramos perder ese medo
aos homes, aos deuses, ás cousas,
a todo o que non sabemos.
Solícitar perdón pol-a nosa obra
non sabemos a quén.
Cecáis
aos deuses, aos homes, ás cousas.

Dende moi lonxe vimos camiñando
pra atopar cos ollos
esta terra nosa.
Túa e nosa, Mestre Mateo.
Pra dar coa nosa testa de osos
na tua testa de pedra,
e dicir a esta terra:
Témoste levado sempre connosco
ao través da mar e do deserto
antre homes cobizosos e vagamundos,
temendo perdernos.

Agora que estamos soios i é tarde
vimos dende moi lonxe,

dende as sombras,
coma tantos outros viñeron denantes
a ofrecerte únicamente,
terra:
A nosa morte.

Amén.

TERTULIAS LITERARIAS
BIBLIOTECAS DE OLEIROS



As cicatrices 1959



TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



A DIADEMA DE RIBADEO

Cantamos en tí os cabelos ao ar tinxidos pra guerra.
O temor do océano,
da noite.

As antigas pregallas aos boscos,
as augas.
Ao máis vello pobo coñecido.
A fundación mesma dos nosos medos.

Coma tivéssemos querido ter nos lumes ceibes das
montañas,
nas misteriosas labaradas do mar,
no aguzado voo das aves,
aínda nas quentes entranas animaes,
os agoiros do noso presente.

Gostaríamos contemprar no solpor aos guerreiros
vitoriosos
encabalgar pol-o areal, dempois de teren desfei-
tado as vagas e aos invisíbel, celestes, deu-
ses estraños.

Amaríamos teus misteres primeiros.
A cerámica,
a orfebrería,
o tecido.

De ser ourives
agacharíamos nas covas o tesouro futuro:
os metaes,
as xoias recién feitas,
xunto das pallozas,
acarón dos dolmens.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Tivésemos gostado omildarnos ao pé do vello casti-
tiro, na montaña sagra soio habitada de loiras
raíñas,

das fadas das xesteiras,

dos seres que aínda moran entre os labregos e
que viñeron de quen sabe que outro país lon-
xano.

Ter sido na noite o sacerdote que agavease pol-o
carballo xigante a cortar o visgo sacro.

Que anunciase a pas cos brazos en outo,
o nascimento dos fillos na tribu,
as loiras colleitas abondosas.

De ter sido ourives

ou ceramistas

dibuxaríamos os paxáros de auga,
os signos abstratos nos escudos dos mozos gue-
rreiros,

nos torques das doncelas.

As liñas paralelas dos vasos campaniformes.

Ou,

sendo guerreiros,

cobriríamos as nosas testas de longos cabelos tin-
xidos de vermello cos cascos de tres cimeiras.

Levaríamos nos córs rexas espadas,

nas mans esquerdas a cetra,

as afiadas lanzas nas mans dereitas.

Encabalgando orgullosos sobor dun río,

ou andando

de a pé

coma soio soldados,

teríamos unha mascota animal.

Unha ou dúas,

o poldro bremante,

a tortuga silandeira.

Mascotas que representan as virtudes guerreiras.

Na loita ergueríamos ferinte e ameazador o tono
da vos.

Resumiríamos, nos nosos apelidos, o derradeiro
berro dos mortos que fica sangrante no peito
de todol-os desterrados,

o apelido do teu pobo,

Diadema de Ribadeo.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



GALICIA, UN XIGANTESCO BARCO

Por tres partes impelíndote a auga,
cinguíndote,
rompendo a mar contra os peiraos e as rochas,
baixo a choiva puxándote e a brétema;
alonzándote da torpidade,
da inxuria,
na outra banda da tua raia,
facéndote chegar,
sulcar,
deçote evadirte,
abismarte,
tornar,
xurdir,
voltar a ir...

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS





O teatro

Seoane escribiu dúas obras de teatro: “*La Soldadera*” e “*El irlandés astrólogo*”, publicadas en castelán.

“**La soldadera**” presenta a rebelión de campesiños e artesáns galegos dirixida por Roi Xordo no S. XV (as guerras Irmandiñas). Baseándose neste feito histórico, Seoane trata de explicar feitos actuais.

Minia, “La Soldadera”, leva as noticias aos campesiños da Idade Media, e serve de guía tamén a uns campesiños do S. XX que, gracias á maxia, poden presenciar os feitos. Minia dilles: “**No pasado veredes o voso presente.**”



“**El irlandés astrólogo**” trata dun home desterrado do seu país, Irlanda, no tempo do rei Xacobe I (S. XVII). Establécese en Compostela como catedrático de Retórica, e aquí será perseguido pola Inquisición, torturado e xulgado.

Na obra latexa o sufrimento do home que padece a emigración, o exilio e a persecución pola súa ideoloxía. Da mesma maneira que na obra anterior, pasado e presente vencéllanse por unha mesma problemática social.

Seoane non se conformou con escribir textos dramáticos, senón que, ademais, ilustrou obras doutros autores, realizou escenografía e, sobre todo, deu pulo a moitas iniciativas teatrais.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Isaac Díaz Pardo nace en Santiago de Compostela o 22 de agosto do 1920 e morre na Coruña o 5 de xaneiro de 2011.

Fillo de Camilo Díaz Baliño, famoso escenógrafo, pintor e cartelista, o obradoiro do seu pai foi lugar de reunión por onde pasaron tres xeracións de políticos, intelectuais e artistas entre eles Castelao e Luis Seoane.

Neste ambiente artístico crece Isaac, que con 16 anos xa colabora axudando á prole cos carteis do Estatuto de Autonomía.

Nese mesmo ano, 1936, o seu pai é asasinado polos sublevados e a vida de Díaz Pardo cambia por completo: de neno republicano convértese nun mozo perseguido que terá que permanecer escondido durante 6 meses na casa dun familiar.



Isaac Díaz Pardo co se pai e irmá na Casa da Tumbona, Santiago de Compostela, 1927

Cando termina a guerra, Isaac, a súa nai e a súa irmá vivirán na Coruña onde el comeza a traballar na empresa Bianchi na que rotulaba diferentes carteis para empresas.

Aínda que o seu soño sempre fora estudar arquitectura, esta carreira non é posible na súa nova situación, polo que grazas a unha bolsa comeza os seus estudos de Belas Artes en Madrid, na escola de San Fernando, onde realiza os catro cursos en só dous anos.



TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

Obtén a bolsa Conde de Cartaxena que lle permite ampliar estudos en Roma, Florencia e Siena.



É elixido para participar na primeira experiencia en España de Deseño Industrial e en 1942 acepta unha praza de profesor de debuxo na escola Sant Jordi en Barcelona, na cátedra de Luis Muntané. Nos seguintes anos realiza **exposicións** en Madrid,

Barcelona, Londres, Zaragoza e Galicia cun gran éxito que recolle a prensa do momento. Durante este tempo mantén unha relación con Carmen Arias, **Mimina**, a quen coñecera no taller da súa tía Dolores Baliño e con quen casará 1945.

Neste momento de pleno recoñecemento, Isaac decide romper con esta etapa de pintor e sobre todo co sector da sociedade máis acomodado que consumía a súa arte e experimentar a súa creatividade na disciplina **cerámica**.



TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Trasládase de Madrid a Galicia, a *O Castro de Samoedo* en Sada (A Coruña) onde monta un pequeno taller en terreos do pazo familiar da súa muller.

Este laboratorio, onde se farán as primeiras probas con caolín da zona de Sargadelos, Cervo (Lugo), dará como resultado **Cerámicas do Castro**.

Nun principio arrinca a produción con figuras decorativas na liña da pintura que Díaz Pardo mantivera nos seus cadros e avanzando os meses prodúcense os primeiros servizos de mesa. En poucos anos o persoal chegaba case ás 100 persoas. Mimina, nai de tres fillos, colabora no taller de decoración e achega os seus coñecementos artísticos formando ás mozas da fábrica.



Na fábrica de Magdalena (Arxentina), 1958-59

O Castro convértese nun exemplo para seguir e o seu éxito traspasa fronteiras chegando ata Arxentina, desde onde Díaz Pardo recibe unha invitación para montar unha fábrica similar ao Castro en terras de **Magdalena** a 100 km. de Buenos Aires.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



En 1954 deixando á súa muller e aos seus socios ao cargo da fábrica do Castro, Isaac emprende a súa viaxe a América. Alí inaugurarán unha mostra das súas pinturas e cerámicas no Centro Galego de Buenos Aires, acto no que se atopará a moitos exiliados galegos.

Un deses encontros será clave para a traxectoria de Isaac: **Luis Seoane**, que nese momento é un pintor de gran éxito en Arxentina. Ambos manteñan contacto polas colaboracións que Isaac enviaba á revista Galicia Emigrante. A partir dese momento as dúas personalidades comezarán o seu labor creador a favor da recuperación da cultura e a memoria de Galicia.

O Laboratorio de Formas


creado en 1963, será o nome que recibe o ente creativo baixo o que traballan os dous artistas ao que máis tarde se unirá o arquitecto Andrés Fernández-Albalat.

O Laboratorio foi creado coa finalidade de reactivar a actividade cultural en Galicia e de recuperar as institucións desaparecidas no tempo, como o Seminario de Estudos Galegos, o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, a fábrica de Sargadelos, e de crear novas seguindo o mesmo obxectivo de recuperación:

o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, Edicións do Castro, ou Instituto Galego de Información, entre outros.



TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Díaz Pardo permanecerá entre Galicia e Buenos Aires 13 anos, de 1955 ata 1968. Magdalena botará a andar con gran éxito e Isaac cruzará 20 veces o Atlántico para atender ambas as fábricas e traballar arreo nun dos proxectos crave do Laboratorio de Formas: a fábrica en **Sargadelos** que será inaugurada en 1970.



Aos poucos meses abandonará a relación coa fábrica de Magdalena.

A partir dese momento, Díaz Pardo e Luis Seoane levan a cabo un labor inmenso de recuperación de memoria en Galicia a través dos diferentes órganos creados polo Laboratorio de Formas.

Seoane falece en 1979. A partir dese momento Isaac continuará na mesma liña que ambos deseñaran traballando para a continuidade dos proxectos do Laboratorio de Formas.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Díaz Pardo foi a persoa máis galardoada de Galicia: doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela e A Coruña, medalla de ouro da Xunta de Galicia e nomeado arquitecto de honra polo Colexio de Arquitectos de Galicia entre outras moitas máis distincións, sendo un dos personaxes máis queridos e populares da súa comunidade.

En 2001, Isaac e os seus achegados crean a Fundación Sargadelos co obxectivo de estudar, divulgar e protexer a cultura industrial do grupo Sargadelos. En 2006, Díaz Pardo é apartado do grupo de empresas que el mesmo creara como consecuencia dunha estratexia dos seus socios.

Considerado como unha das figuras craves para entender a Galicia contemporánea, o seu legado e o do seu pai Camilo Díaz Baliño, permanece por vontade súa na Biblioteca da Cidade de Cultura de Santiago de Compostela.



Fontes :

Seoane, Luis. *Obra poética*. Ed. do Castro, 1977

<https://www.isaacdiazpardo.gal/es>

Caderno didáctico Luis Seoane para as Letras Galegas 1994. Concello de Lugo, 1994. Texto, Pepe Taboada e Matías Cuba ; Deseño, Matías Cuba